



MANIFESTO DE SOLIDARIEDADE COA REVOLUCIÓN CUBANA, CO GALLO DO 70º ANIVERSARIO DO ASALTO AOS CUARTEIS MONCADA E CARLOS MANUEL DE CÉSPEDES: GALIZA CON CUBA, CONTRA O BLOQUEO E A AGRESIÓN IMPERIALISTA DOS ESTADOS UNIDOS.

Respondendo ao chamado da Asociación de Amizade Galego-Cubana "Francisco Villamil", as organizacións políticas, sindicais e sociais de diverso carácter que subscribimos este Manifesto:

Saudamos o pobo cubano neste 26 de Xullo, no seu Día da Rebeldía Nacional de Cuba, en que conmemora o 70º Aniversario da xesta heroica na que unhas ducias de mozos e mozas liderados por Fidel Castro Ruz, emprenderon o asalto aos cuarteis do exército da ditadura de Batista, o Moncada en Santiago de Cuba e o Carlos Manuel de Céspedes en Bayamo, abrindo o camiño revolucionario cara á independencia real e o socialismo.

Denunciamos e condenamos o bloqueo económico, comercial e financeiro decretado contra Cuba polos doce últimos titulares da Casa Branca, que se mantén dende hai 62 anos como eixo central da política dos Estados Unidos para a illa.

Rexeitamos o réxime de sancións arbitrarias e ilegais, e a extraterritorialidade de normas xurídicas que impón Estados Unidos ao resto de países servís, como os da Unión Europea, en renuncia flagrante da súa propia soberanía.

Rexeitamos a catalogación de Cuba como "estado patrocinador do terrorismo" por Estados Unidos e os seus lacaios e consideramos inaceptable que países que invadiron, bombardearon, colonizaron e deron golpes de Estado en ducias de países nos cinco continentes se abroguen o dereito de expedir "certificados de boa conduta democrática" a ninguén.

Reclamamos a devolución dos territorios cubanos ocupados ilegalmente por Estados Unidos na bahía de Guantánamo, o peche do infame campo de concentración e torturas alí establecido pola CIA e da base militar norteamericana.

Finalmente, **chamamos** o pobo galego a seguir expresando a súa solidariedade activa con Cuba.

Até a vitoria, sempre!

En Vigo, Galiza, o 26 de xullo de 2023.

Asinan:

Asociación de Amizade Galego-Cubana “Francisco Villamil” e as organizacións seguintes:

Agora Galiza – Unidade Popular

Agrupación Xosé Velo

Asemblea Republicana de Vigo

Asociación Galego-Bolivariana Hugo Chávez

Bloque Nacionalista Galego

Central Unitaria de Traballadoras

Comité Anti-Otan de Vigo

Confederación Intersindical Galega

Esquerda Unida

Mar de lumes – Comité Galego de Solidariedade Internacionalista

Partido Comunista de Galicia

Partido Comunista do Povo Galego

Partido Comunista dos Traballadores de Galiza

Partido Comunista pola República Galega

Unión do Povo Galego